    - As V Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade centraranse nas ameazas aos ecosistemas. 22/11/2021
    - Un San Leandro a través da pantalla para pór en valor a implicación das novas xeracións cos bosques e o rural. 25/03/2021
    - A Semana Forestal aborda as saídas profesionais e a implantación das novas tecnoloxías neste sector. 4/04/2022.
  - Outras noticias sobre o centro.
    - Máis de 550 alumnos e alumnas festexan nos próximos días o remate dos seus estudos. 2/06/2022
    - O campus continúa enchéndose de fogares para paxaros 23/02/2022
    - Representantes do BNG interésanse pola investigación sobre prevención de lumes e protección do patrimonio da EE Forestal. 16/02/2022.
    - A EE Forestal define coa Xunta a folla de ruta do futuro da industria da madeira, 4/02/2022
    - O catedrático Adolfo Cordero, coautor da primeira guía das libélulas do Xurés. 4/03/2022
    - Preto de 50 docentes dos tres campus integran a nova Cátedra Unesco da Universidade de Vigo. 11/05/2022
    - Grupos de investigación do campus buscan sinerxías co tecido empresarial en asociativo no eido da saúde e a terceira idade. 26/11/2021.
    - Os Premios Pontevedreses enxalzan os case 30 anos de historia da EE Forestal. 10/11/2021.
    - Unha exposición reúne no campus preto de 40 especies de fungos, 10/11/2021.

### III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓN DO CENTRO –SEGUIMENTO DAS TITULACIÓN

#### Seguimento da titulación: X

\*Incluiranse tantos informes de análise como titulacións haxa adscritas no centro

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

#### Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

Matrícula:

No curso 21/22, o numero de matriculados por preinscripción foi de 18 alumnos, disminuindo o valor do ano anterior considerablemente.



A Escola intenta incentivar o plan de captación do alumnado, para lograr un aumento substancial na ocupación da titulación, para iso hai representación da escola en todas aquellas feiras ou xornadas

dirixidas o alumnado de bacharelato como EDUGAL. Tamén con fin de proporcionar o grao e a escola, o longo do curso, recíbense alumnado de institutos en visitas programadas. Ademais a feira da miniciencia, Ponteciencia, tivo lugar este ano con gran acollida por parte do alumnado.

Por outra banda o profesorado da escola imparte charlas en distintos institutos da comunidade galega e ademais a Xunta de Escola aprobou dotar cunhas horas de desgravación a un profesor que se dedique a captación, en como apoio técnico se contrata persoal mediante unha asistencia técnica para promocionar o grao en FP e Bacharelato na comunidade (ver informe en ANEXO 6). Entre estas dúas persoas coordinándose entre elas, mantiveron contacto con distintos institutos falando cos coordinadores. Ademais o centro colabora con institutos de bacharelato dentro do programa STEMbach, co fin de aumentar a visibilidade e de facer captación. Mais información: <https://www.uvigo.gal/es/ven-uvigo/centros-secundaria/steam/stembach/proyectos-stembach>

#### Nota media e nota mínima de acceso

A nota media de acceso varía dependendo da modalidade de acceso, con todo non existen diferenzas significativas en xeral, resultando unha nota media xeral de 6,98, superior a do curso pasado (6,6). Considerando todas as modalidades de acceso, esta nota sitúase no curso 2021-2022 entre 6,09 e 8,55. Os alumnos pertencen 11 a modalidade de ingreso bacharelato e teñen de media 7,922; a media da modalidade de ingreso FP é de 7,273 e ingresaron 7 alumnos. A nota mínima de acceso é a maior dos rexistrados ata o momento 5,98.



### Ocupación, preferencia y adecuación

Os valores da taxa de ocupación, preferencia e adecuación non alcanzas os obxectivos de calidade. Ocupación>85%, Preferencia>85% e Adecuación>80%.

A taxa de ocupación baixou bastante como corresponde a diminución da matrícula de novo ingreso, estando moi lonxe de alcanzar o obxectivo de calidade do 85%.



No referente a taxa de preferencia esta aumentou lixeiramente co respecto os anos anteriores, pero o valor afástase moito do obxectivo de calidade(>80%).



A taxa de adecuación está por riba do 80%, acadando a meta de calidade establecida (>80%).



Como xa se indicaba en epígrafes anteriores, en 2017 comezouse un proceso de modificación da memoria que se completou en 2018 e na que se introduciron axustes significativas na mesma, estes cambios fixérонse co fin de mellorar o grao e facelo mais atractivo o alumnado. Esta memoria aprobouse no curso 2017-2018 e entrou en vigor no curso 2018-2019.

Como xa se recollía en Informes anteriores, a petición da Secretaría Xeral de Universidades, amparada por o art. 6 do decreto 222/2011, o centro ten redactado e aprobado na Xunta de Escola un plan de viabilidade que inclúe diagnóstico, concreción de emisión, visión e valores, definición de obxectivos e actuacións. Este plan foi avaliado favorablemente por ACSUG con data 3 de xuño de 2015. Adicionalmente a Xunta de Centro aprobou considerar este documento como Plan Estratéxico durante o seu período de vixencia.

A Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra aderiuise en decembro de 2016 á iniciativa “Juntos por los Bosques” promovida por 30 entidades representativas do sector forestal español e liderada polo Colexio de Enxeñeiros de Montes .A Escola de Enxeñaría Forestal é “Socio Institucional” da Sociedade Española de Ciencias Forestais (SECF). Adicionalmente, coa finalidade de aliñar a política e obxectivos do centro coas directrices dos organismos internacionais de referencia levouse a cabo una avaliación adicional da actividade do centro en relación a documentos como o “Rovaniemi Action plan for the Forest Sector in a Green Economy” de UNECE/FAO o o “Fifteen promising practices in precision's forestry technology landscape” de McKinsey&Company Paper and Forest Products.

Se analizamos as enquisas da avaliación docente da titulación, vemos cos resultados son bos e seguen unha tendencia superior o 4,00, xa que aumentou o valor lixeiramente con respecto o ano anterior, cun 38,00 % de participación, tamén lixeiramente superior.

<b>Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado</b>						
	<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>	<b>2020/2021</b>	<b>2021/2022</b>
Participación	27,56%	49,85%	36,37%	37,15 %	38,00 %	36,05 %
Valor	4,08	3,97	3,98	4,09	4,17	4,05

<b>Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino</b>					
<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>	<b>2020/2021</b>	<b>2021/2022</b>
3,57	3,02	2,77	3,59	2,90	3,13

O grado de satisfacción do alumnado, na enquisa da titulación, coa planificación e desenvolvemento do ensino, acadou as metas establecidas.

01. A distribución e orde das materias no plan de estudos	3.00
02. A coordinación entre as materias do plan de estudos	3.20
03. Os horarios da titulación	3.40
04. O calendario das probas de avaliación	3.20
05. A utilidade das prácticas da titulación	<b>3.00</b>
06. A orientación académica recibida no plan de acción titorial	3,00

Finalmente, os resultados de satisfacción do alumnado con respecto a titulación na enquisa 2021-2022 mostrán unha participación do 38%. O índice global sitúase entorno a 3,46. Un 80% dos alumnos manifesta estar satisfeito coa titulación. O resultado acadado é mais elevado na enquisa de persoas tituladas nese mesmo curso académico, que é o mais alto dos últimos anos(4,31), curso 2020-2021 (3,98), curso 2019-2020 (3,65). y curso 2018-2019 (3,42). Ese mesmo grupo dálle un valor

de 4,05 a organización e desenvolvemento do ensino, cun 23% de participación. Un 100% dos titulados recomendarían esta titulación.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Baixa matricula no primeiro curso</li> <li>• Baixa valoración nas prácticas externas por parte do alumnado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar accións na escola, nos institutos e nas feiras específicas para mellora-la captación.</li> <li>• Revisar a baixa valoración nas prácticas externas.</li> </ul>
<b>Evidencias nas que basea a valoración:</b>	
E1: Memoria vixente do título	
E2: Informes de verificación, modificación, seguimiento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora	
E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)	
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)	
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade	
E6: Listaxe de estudiantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).	
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
<b>Indicadores nos que se basea a valoración:</b>	
I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción	
I2: No caso de mestrado, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia	
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudiantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudiantes que participan en programas de mobilidade e estudiantes matriculados,...)	
I09(2)-DO: Estudiantes estrangeiros	
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.	
I01-AC: Nota media de acceso	
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso	
I02-AC: Ocupación	
I03-AC: Preferencia	
I03(2)-AC: Adecuación	

## **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidad.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A escola posúe dentro do sistema de garantía de calidade un Plan operativo de información pública. No pasado curso académico foi posta a funcionar unha nova paxina web co fin de facilitar a información a tódolos grupos de interese.

Analizase a información pública das seguintes seccións do título a través da paxina web.

- TFG (<http://forestales.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao>.)
- Calendario académico (<http://forestales.uvigo.es/gl/docencia/calendario-academico>). Horarios, aulas (<http://forestales.uvigo.es/gl/docencia/horarios>) e calendarios de exames (<http://forestales.uvigo.es/gl/docencia/exames>).
- Manual, procedementos, obxectivos de política e calidade. [Sistema de Garantía de Calidade | Escola de Enxeñaría Forestal \(uvigo.es\)](#)
- Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, temas nos que imparte clases curtas, etc.) (<http://forestales.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>).
- Informe da dirección. Os informes anteriores están na web (<http://forestales.uvigo.es/gl/calidate/sequimiento-de-titulos/grao-en-enxeñaria-forestal/>).

Na enquisa de satisfacción deste curso 2021-2022, o ítem de Información e transparencia tivo un valor de 3,47 para o alumnado e 4,38 para os titulados, valores superiores en ambos casos os do curso pasado.

Non existe ningunha queixa relacionada ca información pública.

**Puntos febles detectados:**

**Accións de mellora a implantar:**

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

## **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**



Centro certificado  
FIDES-AUDIT

A Escola Enxeñaría Forestal ten dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC de acordo coas directrices do Programa FIDES-AUDIT, vixente ata xullo do ano 2022.

Polo tanto, o SGIC da Escola de Enxeñaría Forestal é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións.

Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 o Centro iniciou a súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa ÁREA de Apoyo á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Escola de Enxeñaría Forestal someteuse ao proceso de certificación do deseño do SGIC no ano 2009. Tras a avaliación correspondente, concluíuse o proceso coa emisión dun informe positivo o 27 de xullo do 2009, no cal se poña de manifesto a adecuación do SGIC seguido polo centro.

No Informe final de Certificación da implantación do SGIC do centro destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión Calidade e a mellora continua sinalándose entre outra cuestiós a implicación e compromiso do Equipo Directivo e a Comisión de Calidade co funcionamento do centro e coa calidade da formación que ofrecen aos estudiantes.

Dentro das melloras levadas a cabo destaca un proceso de reestruturación da páxina web da Escola na que se engadiu unha pestana na páxina principal sobre calidade dende a que se pode acceder ao SGIC facilmente e se ofrece información detalladas da documentación, informes, resultados.

Como xa se sinalaba anteriormente o Centro converteu o seu Plan de Viabilidade nun verdadeiro Plan estratéxico para acadar melhores datos de matrícula, unha de principais preocupacións do centro e un ámbito onde centra unha parte importante dos seus esforzos.

O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar as debilidades e proponer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os

resultados e utilizalos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvolvéronse da cordo o establecido.

Nas últimas enquisas (2021-2022) de satisfacción do alumnado e as persoas tituladas obtéñense valoracións para o Sistema de Garantía de Calidade de 3,60 polo alumnado e cun 4,88 pola persoas tituladas. Neste curso fixéronse sesións co alumnado para explicarlle o SGC do centro e incluíuse na charla de benvida que se fai en setembro.

Os obxectivos de calidade, como se pode comprobar no epígrafe II.1.1.acadánse en termos xerais, a excepción dos relacionados coa matrícula:

O indicador relacionado cos resultados de investigación aínda que é bo non acadan a meta establecida do 100.

En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, que se constata no último fito acadado ao recibir o informe definitivo relacionado co Selo Internacional de Calidade onde se determina a Obtención do selo con prescripciones.

Todos os rexistros de calidade complétanse e arquívanse sen incidencias salientables, na aplicación do SGIC accesible a través da secretaría virtual. O propio informe de Revisión pola dirección é un rexistro do Sistema de Calidade que aglutina un análise anual completo sobre os resultados acadados, os principais cambio producidos, o seguimento das melloras establecidas e o establecemento , se fora necesario de novas accións de mellora

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> <li>• Evidencias nas que se baseou a valoración:</li> <li>• E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade</li> <li>• E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)</li> <li>• E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudiante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</li> <li>• E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</li> <li>• EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</li> </ul>	

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

## **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**O persoal académico do centro** é suficiente e axeitado. O cadro de persoal permanece estable nos últimos seis curso académicos configurándose como se presenta a continuación, ainda que neste último subiu un 13% :

	PROFESORADO					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
<b>Catedrático</b>	6	5	4	4	3	3
<b>Titular</b>	8	8	9	9	9	10
<b>Contratado Doutor</b>	3	4	5	5	4	4
<b>Axudante Doutor</b>	1	1	1	1	1	0
<b>Asociado</b>	8	7	7	6	9	11
<b>Catedrático Escola</b>	1	1	1	1	1	1
<b>Outros</b>	11	7	5	5	3	3
<b>TOTAL</b>	<b>38</b>	<b>33</b>	<b>32</b>	<b>31</b>	<b>30</b>	<b>32</b>

Os resultados das enquisas de avaliação docente amosan no curso 2021-2022, datos moi positivos obtendo unha puntuación global do profesorado do centro de 4,05.

Os resultados de investigación de carácter académico tamén amosan bos datos un 77%. Ademais no anterior curso académico pasado resolvérónse os sexenios de transferencia, obtendo o profesorado do centro 4, dous docentes da area de enxeñaría cartográfica e dous docentes da area enxeñaría agroforestal.

O numero de quinquenarios do persoal docente e de 82, 50 correspondentes os homes e 32 as mulleres. Este numero tamén foi subindo cos anos.

2021/2022	82
2020/2021	80
2019/2020	81
2018/2019	75
2017/2018	64
2016/2017	63
2015/2016	58

Por outra banda, houbo xa dúas convocatorias do programa docentia. Na primeira convocatoria quinquenal do Programa Docentia avaliouuse o quinquenio que vai dende 2010-2011 a 2014-2015, nela participaron un total de dous profesores de titulación que obtiveron un resultado de moi favorable e favorable, respectivamente e que representan un 1,02% do total do profesorado presentados. Na segunda convocatoria quinquenal avaliouuse o quinquenio que vai dende 2012-2013 a 2016-2017, nela non houbo ningún profesor da titulación presentado. Na convocatoria 201-2015 a 2018-2019, presentáronse 3 profesores, que corresponde a un 4,40% do total. Obtiveron un excelente e os outros dous notable, este é o ultimo informe publicado(programa docentia Uvigo). Na última convocatoria presentáronse 4 profesores, obtendo a puntuación de excelente 1, e notable os tres restantes.

A nova web da Universidade incorpora información xeral sobre o profesorado do centro accesible facilmente:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/centros/escola-enxenaria-forestal>

Tamén a través da web da Escola pódese atopar información completa sobre o profesorado, na que se inclúe un breve currículo: <http://forestales.uvigo.es/gl/escola/persoal-docente-e-investigador/>

Dentro do sistema de calidade do centro atopase o informe de coordinación, nel recóllese as accións de coordinación levadas a cabo ao longo do curso académico 2021-2022. Na enquisa de Resultado da avaliación docente, hai un ítem específico de coordinación (coordinación ,para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ..., entre o profesorado da materia é axeitada) obtívose un valor de 4,07. A satisfacción de persoas tituladas cos recursos humanos (O desempeño do profesorado) no curso 2020/2021 sitúase nun 4,50.

Nas preguntas abertas da enquisa de satisfacción de persoas tituladas, onde se di que é o que mais valoras da titulación, faise referencia o profesorado como se pode ver na táboa seguinte, onde se transcriben a resposta.

Todo en xeral, as infraestruturas, os espazos, pero sobre todo o mellor equipo de profesionais e persoas que teñen como docentes.

**En canto ao PAS do centro,** fai dous anos houbo unha modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), o que supuxo a incorporación de novo persoal ao centro e a creación dunha unidade de apoio a centros e departamentos que se atopa nas dependencias do centro. A información sobre este persoal de administración e servizos do centro atópase dispoñible tamén, na web da Escola : <http://forestales.uvigo.es/gl/escola/persoal-de-administracion-e-servizos>.

Que o numero do pas do centro aumentara, fai que se reduza o porcentaxe de participación nas enquisas, por que moitos deles, áinda que están asignados o centro son PAS centrais do campus de Pontevedra, e por tanto non nas contestan, pois non están involucrados no día a día do centro.

En canto a participación do Pas en formación os resultados son positivos situándose no último ano por riba do 45,86%, inferior o do ano anterior pero por riba da meta asociada.

A satisfacción do alumnado cos recursos humanos (A atención do persoal de administración e servizos do centro) no curso 2021/2022 sitúase nun 4,60 valor superior o dos anos anteriores 4; e 3,75 respectivamente. No que atinxe aos resultados da enquisa de satisfacción de persoas tituladas son de valores próximos 4,67 (Grao en Enx. Forestal) e 4,50 (Grao en Enx. Forestal (Curso Ponte): Explotacións Forestais).

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:

#### Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionales externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

#### Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI.

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliação da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os espazos destinados ao traballo e ao estudo do alumnado, así como o equipamento necesario para o desenvolvemento das súas tarefas, se adecúan en cantidade e calidade ao número de alumnas/vos e ás actividades programadas no desenvolvemento do Programa Formativo. Ademais existen espazos e equipamento adecuado para o desenvolvemento e a coordinación das funcións do persoal académico e de administración e servizos.

O Informe de Avaliación Externa para a Renovación da Acreditación en abril de 2016 inclúe entre as fortalezas do título, “Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son suficientes en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados e competencias a adquirir polos mesmos”.

A partir das recomendacións do Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación e do informe sobre o Plan de Viabilidade, a Comisión de Garantía de Calidade do Centro aprobou levar a cabo unha análise para a mellora diferentes laboratorios, o Laboratorio de Madeiras ou o de Celulosas, coa finalidade de especializar máis a titulación no campo industrial. Ámbolos dous laboratorios foron mellorados, dotados de novos equipamentos, o que permitiu facer prácticas novas no curso 2018-2019.

Na enquisa de satisfacción do alumnado no referente a recursos materiais e servizos, no curso 2021-2022, obtívose un valor de 3,74 global, presentándose o desglose na táboa seguinte.

As aulas e o seu equipamento	4,00
As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	3,60
Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento	3,80
Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento)	3,50

Na enquisa de satisfacción de persoas tituladas no referente a Recursos materiais e servizos, no curso 2021-2022, obtívose un valor de 4,50 global, tanto para os do curso ponte como os do grao.

A parte das súas estruturas específicas de recursos materiais e servicios, o centro fai una dotación económica especial para as saídas de campo, posto que se considera imprescindible para a formación do alumnado.

O centro, segue pensado dia a dia como facer o entorno de traballar mellor en dotacións e mellor en ambiente de traballo, parte da súa dotación emprega para ter aulas de docencia mellor dotadas (enchufes nas aulas, canon e ordenadores mellores), mellores aulas de informática e mellores laboratorios que estean na vanguarda dentro das posibilidades económicas dun centro pequeno pero intensivo en investigación e transferencia. Así mesmo tódolos anos, cos remanentes das partidas a peche de exercicio económico, cómpranse pantallas e downlights de leds para dotar de mellor iluminación e así facer mas eficientes as dependencias da escola.

<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
•	•

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

## **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na escola existe unha caixa de queixas, onde se poden manifestar todos aqueles desacordos co persoal da escola, PAS, PDI e o alumnado. O plan de acción titorial é tamén unha ferramenta válida para detectar problemáticas que inciden no desenvolvemento da docencia e en definitiva na consecución de resultados de aprendizaxe. No curso académico 2019/2020 se propuxo una modificación del Plan de Acción titorial para incluír o programa PIUNE, tratándose na CGC do 16/10/2019. Anualmente faise un informe de seguimento do plan PIUNE do centro.

A consecución dos resultados de aprendizaxe desenvólvese ao longo dos cursos académicos da titulación. O desenvolvemento e defensa do Traballo Fin de Grao, permite demostrar ao alumnado a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de Aprendizaxe, co fin de que o tribunal poida xulgar que competencias son tratadas especificamente polo TFG, no acto de defensa hai unha guía onde o Presidente marca as competencias que considera máis relevantes na execución, desenvolvemento e presentación do proxecto.

As taxas de rendemento, de éxito e de avaliación están recollidas na seguinte táboa, para diferentes anos, como se pode ver, seguen liñas moi parecidas, alcanzando as metas a Taxa de éxito (>80%) e a Taxa de rendemento (>60%).

	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
% Éxito	81	76	89	80	83	82
% Rendemento	60	61	70	56	63	64
% Avaliación	76	81	79	70	76	77

A satisfacción dos estudiantes 2021-2022 cos resultados de aprendizaxe amosada a través da enquisa de satisfacción sitúase nun valor de 3,20 para os estudiantes e 4,13 (Grao en Enx. Forestal) e 4,50 (Grao en Enx. Forestal (Curso Ponte): Explotacions Forestais) na enquisa a persoas tituladas. Non detectándose problemáticas neste sentido.

**Puntos febles detectados:**

- 

**Accións de mellora a implantar:**

**Evidencias nas que se baseou la valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDIMENTO

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.


### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados son en termos globais positivos acadando as metas de calidade establecidas, agás como xa se salientou os relativos á demanda da titulación, punto estratéxico fundamental no centro.

A taxa de graduación, aínda que flutúa ao considerar os últimos cursos académicos non ten valor neste ano, pois está en revisión.



As taxas de éxito e rendemento da titulación alcanzaron peores valores que en anos anteriores. Neste curso 2021-2022 no caso de éxito entorno o 81%, no caso de rendemento neste curso alcanzou valores do 62%.



A taxa de abandono oscilou nos últimos cursos académicos, tendo un valor ano 2021/2022 de 30, baixando respecto o ano anterior.

Ademais analizando a enquisa dos empregadores (Anexo 7) que se fixo a 7 empresas do sector, pódese ver que a satisfacción dos empregadores cos titulados é boa, 4,50 de satisfacción xeral.

Sendo o mais valorado a Capacidad (aprendizaxe, traballo, adaptación, integración...), e a Actitude (responsabilidade, profesionalidade, motivación, iniciativa, compromiso...). (Anexo 7). Os resultados da enquisa mostrase na táboa seguinte, incluído o do curso académico anterior.

	<b>Satisfacción</b>		
	Co nivel de adecuación da formación ao perfil profesional dos/as titulados/as	Co nivel de satisfacción co desempeño profesional dos/as titulados/as	Co valor que aportan os/as titulados/as á súa empresa
<b>2021/2022</b>	Non hai		
<b>2020/2021</b>	4,33	4,67	4,50
<b>2019/2020</b>	4,00	4,67	4,67

<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> <li>•</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> <li>•</li> </ul>

#### **Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

#### **Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudiantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendimento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

## IV. MODIFICACIÓNES NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNES

### Modificacións na titulación : X

\*Neste epígrafe deben incluirse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro

